



**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO
PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA,
RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS
ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as once horas e trinta minutos do día 2 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA, RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

Francisco Javier García Guldrís, concelleiro delegado de Medio Ambiente.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria municipal do Concello de Ames.

M. Carmen Crespo Doldan, interventora accidental municipal do Concello de Ames.

Rogelio Pardo Martínez, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Rios, auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A denominado "Documentación Administrativa" presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do "Servizo de Lacería, Canceira, Recollida e Incineración de Cadáveres de animais abandonados/perdidos no Concello de Ames"

A continuación procédese a apertura do devandito sobre "A" nomeado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

Empresa	CIF	Anexo II	Declaración Acreditativa datos identificativos licitador	Anexo III	Anexo IV	Anexo V
ASOC. PROTECTORA REXUGIO DE ANIMAIS DE CAMBADOS	G-36328078	SI	SI	SI	SI	NON

Tras comprobar a documentación presentada polas empresas licitadoras cabe mencionar que a Asociación Protectora Refugio de Animais de Cambados, non achega cumprimentado Certificado sobre traballadores con Discapacidade (Anexo V) segundo a cláusula 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada o comunicará ós interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula

20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

Primeiro.- Requirir á única empresa que se presentou á licitación, Asociación Protectora Refuxio de animais de Cambados para que no prazo de **tres días hábiles** aporte cumprimentado o Certificado sobre traballadores con Discapacidade (Anexo V), segundo a cláusula 17.1.5) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.



